



Concello de Xermade

INFORME DE AVALIACIÓN DO II PLAN DE IGUALDADE DE OPORTUNIDADES ENTRE MULLERES E HOMES DO CONCELLO DE XERMADE

O II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade é unha axenda que introduce a perspectiva de xénero no día a día da actuación municipal e que marca a folia de ruta en materia de igualdade para o Concello durante a súa vixencia. O II Plan foi aprobado por acordo do Pleno da corporación en decembro do ano 2013 e estivo vixente até o ano 2016 (con unha prórroga por Decreto de alcaldía de un ano, asinada en xullo do 2017).

1-. Introducción.

Nos correntes, a desigualdade de xénero segue a ser un problema estrutural de toda a sociedade, e nese sentido, o Concello de Xermade ten o máis firme compromiso para erradicar calquera tipo de desigualdade ou violencias.

Para dar resposta aos avances normativos e adaptar as actuacións municipais aos cambios sociais é necesario e imprescindible pór en marcha a elaboración do III Plan de Igualdade do Concello.

É unha necesidade imperante para os poderes públicos a avaliación das súas políticas. Unha vez finalizado o tempo de execución previsto para este Plan, é preciso avaliar todas as actividades, medidas e recursos dispostos na súa implantación co obxectivo de establecer melloras, recomendacións pertinentes de cara á redacción e desenvolvemento do III Plan de Igualdade de Oportunidades do Concello de Xermade.

Que é a Avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade e cal é o seu fin?

A avaliación prodúcese pola necesidade previa de coñecer mediante un proceso sistemático e razoado de xeración de coñecemento, a partir da recompilación, análise e interpretación de información, para alcanzar un xuízo valorativo, baseado en evidencias, respecto do seu deseño, posta en práctica e efectos.

Mediante o proceso de avaliación búscanse ferramentas para lograr unha máxima eficacia e eficiencia, así pois, a proxección deste proceso é dobre. Serve para coñecer o cumprimento e eficacia do II Plan de Igualdade pero tamén permite mellorar a realización do III Plan de Igualdade.






Concello de Xermade

2-. Situación Sociodemográfica.


Demograficamente o Concello de Xermade atópase nun contexto de perda de poboación tal e como se pode comprobar nos datos adxuntos. Esta evolución debe terse en conta á hora da avaliación.

Por outra parte, o marco normativo xeral no que nos movemos é outro factor a ter en conta. O desenvolvemento normativo e de planificación evolucionou durante a vixencia do II Plan e os anos posteriores. Cabe xulgar con obxectividade a súa eficacia no momento da súa vixencia e ver de que xeito se asentán moitos obxectivos dentro do marco actual.





Concello de Xermade





Concello de Xermade

3-. Evolución Normativa.

MARCO NORMATIVO E DE PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

ANO 2013	ANO 2023
VI Plan Galego Para a Igualdade.	VIII Plan Estratéxico para a Igualdade.
Plan de Acción contra a Violencia de Xénero (2013 – 2016).	Estratexia Estatal para combater as Violencias Machistas.
Lei 7/2004 de Galicia para a igualdade entre mulleres e homes (derrogada). Lei 2/2007 de Galicia, do traballo en igualdade das mulleres.	Decreto Lexislativo 2/2015, de disposicións legais en materia de Igualdade en Galicia. (proxecto de lei en trámite no Parlamento de Galicia).
Lei 11/2007 galega, para a prevención e tratamento integral da violencia de xénero.	Modificada no 2015, 2021 e 2022.
Plan de fomento da corresponsabilidade en Galicia.	Plan galego de conciliación e corresponsabilidade (2018 – 2021).
Lexislación nacional e internacional.	Lexislación nacional e internacional.
Constitución Española.	Constitución Española
Lei 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.	Lei 3/2007 para a igualdade efectiva entre mulleres e homes.
Leis en materia de Rexistro e Reprodución.	Pacto de Estado contra a violencia de xénero.
Lei Orgánica 1/2004, de Medidas de Protección Integral contra a Violencia de Xénero.	Lei de Garantía Integral da liberdade sexual.
Reais Decretos anos 2007-2011.	Reais Decretos ano 2020.






Concello de Xermade

4-. Sobre a necesidade da Planificación Estratéxica no marco da procura da Igualdade Efectiva entre mulleres e homes no ámbito municipal.

No ano 2013 vimos dunha situación de profunda desigualdade de xénero que se mostra nos principais indicadores.

Así pois, a desigualdade na taxa de emprego é palpable como se mostra no gráfico adxunto correspondente á Enquisa de Poboación Activa do INE para o ano 2013.



En canto a conciliación e corresponsabilidade nas tarefas do fogar e coidados, vemos como as mulleres realizan unha maior carga de traballo se o comparamos cos homes. Esta mesma situación acontece se nos centramos só nas persoas ocupadas.



Cod. Validación: 4ZDPTS13Z5EO92Y59KSPDFMC3Q
Corrección: https://concelloxermade.sedelectronica.es/
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 29






Concello de Xermade

Nos principais ámbitos de poder e toma de decisións a desigualdade mantense. É o caso dos postos de goberno. No ano 2013, só o 28% de membros do Goberno eran mulleres.



No caso de Xermade, a Corporación municipal no ano 2013 estaba composta por 11 concelleiros, dos cales 8 eran homes e tan só 3 mulleres. Por outra parte, tanto o alcalde coma os tenentes de alcalde eran todos homes.




Como mostra adicional da desigualdade latente na sociedade podemos ver a capacidade económica diferenciada por xénero. O salario medio é moi superior nos homes que nas mulleres. Por outra banda, o risco de pobreza é maior entre a poboación feminina.





Concello de Xermade



Tasa de riesgo de pobreza o exclusión social (indicador AROPE)



Como último indicador, a cifra de asasinatos machistas no ano 2013 en España era de 54 mulleres asasinadas a mans das súas parellas ou ex-parellas conforme aos datos da Delegación do Goberno Contra a Violencia de Xénero.

En base a todos os datos que se mostran, que son só unha mera extracción e exposición da globalidade de indicadores que poñen de manifesto a desigualdade existente no ano 2013 entre mulleres e homes cabe concluír a existencia dunha necesidade inaprazable de acción por parte de todos os poderes públicos. Deste xeito, dentro dos marcos legais e de planificación estratéxica en colaboración coas administracións estatal e autonómica, os municipios debían completar as actuacións con un marco propio e apegado ao territorio.

O II Plan de Igualdade de Oportunidades foi un instrumento necesario e a súa existencia no ano 2013 era precisa para abarcar un ámbito maior de actuacións e procurar dunha vez por todas a igualdade efectiva entre mulleres e homes na sociedade española e global.





Concello de Xermade

5- Os indicadores con respecto a igualdade de xénero na sociedade actual.

Na actualidade existe un consenso global para considerar como principais variables á hora de xulgar a desigualdade entre sexos as seguintes:

1. EMPREGO.

- 1.1 Taxa de paro e brecha.
- 1.2 Ocupación e Taxa de actividade.
- 1.3 Temporalidade no emprego.
- 1.4 Parcialidade no emprego.
- 1.5 Salarios, Cotizacións e Pensións.

2. COIDADOS.

- 2.1 Usos do tempo para coidados, traballo doméstico e actividades sociais.
- 2.2 Conciliación. Excedencias para coidado de fillos e familiares.
- 2.3 Inactividade por mor de coidados.

3. PODER.

- 3.1 Poder político.
 - 3.1.1 Executivo.
 - 3.1.2 Lexislativo
 - 3.1.3 Partidos Políticos.
- 3.2 Poder Xudicial.
- 3.3 Órganos Constitucionais.
- 3.4 Administración Xeral do Estado.
- 3.5 Comunidades Autónomas e Goberno Local.
- 3.6 Poder Económico.

4. SAÚDE.

- 4.1 Indicadores de esperanza de vida.
- 4.2 Estado de saúde percibido.
- 4.3 Sedentarismo.
- 4.4 Consumo de drogas.
- 4.5 Saúde sexual e reprodutiva.
- 4.6 Saúde mental.

5. PARTICIPACIÓN SOCIAL.

- 5.1 Deporte.
- 5.2 Cultura.
- 5.3 Educación.
- 5.4 Reais Academias.

6. POBREZA.

- 6.1 Indicadores de pobreza.

7. SITUACIÓN DE ESPAÑA NO ÍNDICE EUROPEO DE IGUALDADE.

- 7.1 Indicadores.
 - Traballo. - Coñecemento.
 - Diñeiro. - Tempo.





Concello de Xermade

- Poder.

-

Saúde.

7.2 Enfoque temático: Consecuencias socioeconómicas derivadas da pandemia Covid-19 e os coidados.

8. VIOLENCIA DE XÉNERO.

8.1 Datos vítimas.

En termos xerais a maioría de indicadores sinalan que se conseguiu unha mellora global en canto a desigualdade de xénero. Non obstante, a desigualdade segue presente.

Segundo a EPA do 4º trimestre do 2022 a taxa de paro entre as mulleres é do 14.61% mentres que esta cifra entre os homes diminúe ao 11.32%. A cifra é moito máis preocupante se nos centramos no emprego parcial. Un 73% do emprego parcial está ocupado por mulleres.

En canto aos coidados, existe unha maior parte de mulleres que realizan tarefas de coidados a diario, ao igual que as que realizan tarefas domésticas diariamente.

Sobre os postos de poder, no goberno a cifra de mulleres é superior a dos homes, pero isto non sucede así cos postos no Congreso e o Senado. En canto ao poder xudicial, aínda que os postos están ocupados na súa maior parte por mulleres (56%), estas ocupan unha pequena porcentaxe nos altos órganos xudiciais. No Concello de Xermade, en canto á corporación existe unha maior equiparación dende o 2015, situación que contrasta con períodos anteriores. No caso das tenencias de alcaldía, dende o 2019 a terceira tenente de alcalde é muller aínda que a proporción de homes é moito maior (dos homes).

Polo que lle corresponde á saúde, existe unha disparidade entre as patoloxías e hábitos entre ambos xéneros. En canto aos consumos de drogas, a poboación masculina é maiormente consumidora. Os datos de práctica deportiva confirman unha maior actividade entre os homes mentres que a saúde mental é máis negativa entre as mulleres.

Como mostras de participación social pódese observar como un maior número de mulleres accede á universidade (56%) e a outros estudos inferiores (arredor do 45% en FP), pero os estereotipos seguen a existir pois só chegan ó 14% en Enxeñería Informática ou ao 4% na Formación Profesional de Fabricación Mecánica. Pola contra, ocupan o 77% das prazas de Formación Profesional no sector téxtil e o 81% en enfermería. Outro indicador é o número de reitoras de Universidade: no ano 2022 só o 25% son mulleres.

Se analizamos o risco de pobreza, existe disparidade entre diversos indicadores. A maioría apuntan a que a poboación feminina ten un risco levemente maior. Non obstante, cabe sinalar a posición demográfica do Concello de Xermade. A propensión é menor nos municipios de menos de 5.000 habitantes con respecto aos de maior tamaño.

Por último, os datos de vítimas mortais de violencia de xénero segue a ser





Concello de Xermade

preocupante. 49 mulleres foron asasinadas no ano 2022 a mans das súas parellas ou ex-parellas.

Así, e en base aos datos que se sinalan, o compromiso das administracións debe seguir encamiñado a conseguir unha igualdade efectiva entre mulleres e homes, erradicando todas as desigualdades e violencias.

As medidas que se foron realizando teñen o seu efecto na sociedade, pois como xa se mencionou os datos evolucionan nun sentido lento pero positivo. En moitas das facetas que cómpre seguir traballando, o Concello de Xermade pode contribuír a lograr unha plena igualdade. Unha ferramenta adecuada é ter un Plan de Igualdade vixente e adecuado á realidade, en consonancia coa evolución da normativa e a planificación estratéxica da Xunta de Galicia e o Goberno de España.

DATOS UTILIZADOS.

-Foessa, F. (2021). *Evolución de la cohesión social y consecuencias de la Covid-19 en España*.

-Benlliure, A. (2023, 27 febrero). *III Índice ClosinGap - Closingap*. Closingap.

<https://closingap.com/actividad/iii-indice-closingap/>

-*Estadísticas, encuestas, estudios e investigaciónes - Delegación del Gobierno contra la Violencia de Género*. (s. f.).

<https://violenciagenero.igualdad.gob.es/violenciaEnCifras/home.htm>

-*Instituto de la Mujer y para la Igualdad de Oportunidades - Informes*. (s. f.).

<https://www.inmujeres.gob.es/MujerCifras/Informes/Informes.htm>

MEMBROS DA CORPORACIÓN DE XERMADE ELECCIÓN DE 2023



■ HOMES ■ MULLERES

Fonte: Libro de Sesións.





Concello de Xermade

6-. Avaliación do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes por áreas de actuación.

Para realizar esta avaliación séguense as prescricións teóricas e técnicas que ten publicadas o Instituto para a Avaliación das Políticas Públicas dependente do Ministerio de Facenda e Función Pública.

Referencias:

- AEVAL. (2015). *Guía práctica para el diseño y la realización de evaluaciones de políticas públicas - Enfoque AEVAL*. Madrid.
- Instituto Para La Evaluación De Políticas Públicas. (2020). *Guía De Evaluación De Implementación De Políticas Públicas*.
- Instituto Para La Evaluación De Políticas Públicas. (2020). *Guía De Evaluación De Resultados De Políticas Públicas*.
- Instituto Para La Evaluación De Políticas Públicas. (2020a). *Guía De Evaluabilidad De Intervenciones Públicas*.
- *Bizkaiko Foru Aldundia. Cómo evaluar las políticas públicas desde la perspectiva de género*. (2003).

OBXECTIVO, XUSTIFICACIÓN E UTILIDADE DA AVALIACIÓN.

O obxectivo desta avaliación é achegar evidencias empíricas sobre o grado de implementación e resultados acadados no II Plan de Igualdade de Oportunidades.

A necesidade desta avaliación xustifícase en ter coñecemento do cumprimento dos obxectivos do Plan así como ter un punto de partida de cara á redacción dun novo plan.

Entre as utilidades da avaliación está ter unha ferramenta sólida coa que xulgar os obxectivos do II Plan de Igualdade e implementar melloras pro futuro de cara a que as actuacións dos poderes públicos sexan máis eficaces e eficientes.

COMPLEXIDADE PARTICULAR

Xulgar os resultados obtidos grazas á implementación do plan presenta una importante dificultade: a distancia temporal que existe coa fin da vixencia do Plan. Cabe recordar que a vixencia do II Plan de Igualdade rematou no ano 2016, pasando ata esta data case sete anos. Isto dificulta a obtención de moitos datos.

Por outra parte, tamén é moito máis complicado establecer unha relación de causalidade entre medidas-resultados e non unha mera correlación.

Lograr unha igualdade efectiva entre mulleres e homes é un proceso longo debido as desigualdades estruturais que existiron neste país durante séculos polo que





Concello de Xermade

existen medidas que poden estar encamiñadas correctamente e que sen embargo non presenten mostras evidentes de acadar os resultados agardados por ser un proceso moito máis longo.

ENFOQUE E METODOLOXÍA DA AVALIACIÓN

A avaliación está enfocada na implementación e coherencia interna do Plan, na análise da súa lóxica de intervención e en inconsistencias no deseño do mesmo co fin de acadar todos os obxectivos. Cómpre atender non só a realización de accións, senón tamén a súa necesidade e o seu seguimento.

Pregunta xeral:

En que medida se implementaron as accións recollidas no II Plan de Igualdade entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade e aportan resultados de acordo cos obxectivos perseguidos?

Para dar resposta a esta pregunta xulgaranse os diferentes obxectivos a acadar en función das áreas do Plan. Para unha maior comprensión, e seguindo unha técnica de avaliación numérica acódesse a unha valoración de 0 a 4 puntos, segundo o grado de cumprimento dos obxectivos. Así pois, un escaso cumprimento e efectos ata o 25% valorarase con 0 puntos, e un cumprimento total ou superior ao 75% con 4 puntos.

As técnicas utilizadas combinan métodos cuantitativos e cualitativos. Son as seguintes:

1-. Análise documental.

- Documentos administrativos do Concello.
- Documentos aportados por institucións.
- Publicacións en medios non oficiais.

2-. Entrevistas cos principais actores da intervención.

- Veciñas e veciños.
- Tecido asociativo.

3-. Entrevistas ao persoal técnico do Concello.

4-. Cuestionarios e enquisas.

5-. Datos estatísticos.





Concello de Xermade

TÁBOA DE ANÁLISE

ÁREA / OBXECTIVOS	INDICADORES	MOTIVACIÓN		AVALIACIÓN
		Implementada	Con Efectos	
ÁREA 1. XESTIÓN E SENSIBILIZACIÓN MUNICIPAL				
Obxectivo 1.1. Introducir a perspectiva de xénero na xestión municipal do II Plan de Igualdade de Oportunidades				
	INDICADORES	MOTIVACIÓN		AVALIACIÓN
Coñecemento xeral do plan.	-Ver accións destinadas ao seu coñecemento durante o período de vixencia.	Fíxose unha presentación do Plan coa asistencia de 20 persoas. A nivel interno do Concello si que se fixo constar en diferentes actuacións.		1
		I?	-	
Avaliación continua do plan e reunións anuais.	-Rexistros de reunións. -Participación do persoal que debería formar parte do proceso avaliador.	Non existen rexistros de reunións anuais nin dunha avaliación continua. Tampouco consta a presenza do persoal do Concello, que manifesta non ter participado.		0
		-	-	
Formación para o persoal técnico e político do Concello	-Cursos propostos ao persoal do Concello. -Cursos superados.	Non se propuxeron cursos e o persoal non realizou ningún cuxa proposta fose desde o Concello.		0
		-	-	
Linguaxe non sexista, distinguir a variable de xénero	-Publicacións nas redes sociais do Concello. -Documentos administrativos.	As publicacións e documentos do Concello evitan unha linguaxe sexista e distinguen a variable de xénero, incluso sendo moito máis palpable nos últimos anos do Plan.		4
		I	E	





Concello de Xermade

Festividades de posta en valor do traballo, e visibilización das mulleres	¿Que festividades realizou o Concello con este fin?	Celebrouse o 8 de marzo, o 15 de outubro (día da muller rural) e o 25 de novembro. Celebráronse continuamente.		4
		I	E	
Partidas Orzamentarias específicas	-Orzamentos.	Existe unha partida que na descrición pon que será destinada a igualdade. Ronda os 13.000€ pero é unha partida máis xenérica que non garante que vaian destinadas a ese fin. Depende da vontade posterior.		3
		I	E?	
Obxectivo 1.2. Establecer estratexias de colaboración con outras entidades.				
	INDICADORES	MOTIVACIÓN	AVALIACIÓN	
Acordos e xestións no ámbito comarcal, autonómico, nacional e co CIM de Vilalba.	-Acordos acadados coas institucións mencionadas.	Chegouse a acordos na materia, adhesión a propostas coa Xunta de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e CIM de Vilalba. Instalouse o protocolo ATEMPRO. (Como punto de reforzo podería ampliarse as actuacións do Concello.)		3
		I	E	
ÁREA 2. FORMACIÓN E MERCADO LABORAL.				
Obxectivo Único: Promover a coeducación facendo partícipe ao eido familiar e institucional.				
	INDICADORES	MOTIVACIÓN	AVALIACIÓN	
¿Ofreceuse asesoramento e houbo solicitudes de asesoramento?	-Funcións do persoal do Concello. -Demandas de asesoramento.	Encargóuselle ao Técnico de Emprego realizar estas funcións, aínda que non é técnico de orientación laboral. Non houbo excesiva demanda de asesoramento, diminuindo paulatinamente.		1
		I	-	





Concello de Xermade

Posta en marcha de actividades formativas para as mulleres, especificamente formación ocupacional e sobre os dereitos laborais e a situación de desigualdade da muller.	-¿Que actividades se puxeron en marcha?	Realizáronse durante a vixencia do plan cursos sobre dereitos en caso de violencia de xénero, empregabilidade en agricultura... A asistencia pode considerarse media.		2
		I	E?	
Establecer convenios e fomentar o emprego en colaboración con outras "entidades".	-Ver que convenios ten asinados o Concello de Xermade.	Non hai convenios subscritos por esta institución. Só o Plan Fomento do Emprego, pero que vai incluído dentro do Plan Único da Deputación.		0
		-	-	
ÁREA 3: COEDUCACIÓN.				
Obxectivo Único: Promover a coeducación facendo partícipe ao eido familiar e institucional				
	INDICADORES	MOTIVACIÓN		AVALIACIÓN
Organizar iniciativas lúdicas que promovan os principios de igualdade de xénero	-Ver as iniciativas ou actividades que se realizaron.	-Promocionáronse algunhas actividades como "Educando en igualdade". -Actividade "Educación familiar en el rural gallego". -Actividade "Comunicación familiar".		2
		I	E	
Introducir a perspectiva de xénero nos campamentos	-Ver a programación dos campamentos.	A programación dos campamentos inclúe a perspectiva de xénero e a formación en igualdade, pero por que tamén é un requisito para percibir a súa subvención. Non se amplían as esixencias legais.		1
		I	E	





Concello de Xermade

Campañas en colaboración coas ANPA e a GC	-Campañas en colaboración coa ANPA. -Campañas en colaboración coa GC.	Non hai rexistros para avaliar nun sentido positivo ou negativo este punto.		-
		-	-	
Relativo á cultura: cine e lecturas con perspectiva de xénero.	-Proxeccións que introduzan a perspectiva de xénero. -Programa para promocionar as lecturas con perspectiva de xénero.	Fixéronse proxeccións que introducen a perspectiva de xénero aínda que algún ano non constan. Sí se estableceu un sistema de selección e promoción de lecturas.		3
		I	E	
ÁREA 4. USO DO TEMPO: CONCILIACIÓN E CORRESPONSABILIDADE.				
Obxectivo 4.1: Favorecer a conciliación laboral e agrícola coa vida familiar e o descanso				
	INDICADORES	MOTIVACIÓN		AVALIACIÓN
Implantación dun PAI.	-Ver se se realizaron xestións. -Ver a súa implantación.	Fixéronse xestións para a súa implantación pero a nivel orzamentario a conclusión manifestada é que esta medida non pode ser asumida polo Concello. Tamén se recolle que non habería demanda. Creouse unha "casa niño" en decembro de 2016 que pode ir encamiñada a satisfacer unha necesidade semellante.		0
		I?	-	
Xestionar para crear un Centro de Día ou Centro de Noite.	-Ver o traballo feito. -Ver se se crearon os centros.	Durante o ano 2009/2010 fixéronse xestións para conseguir un centro de día. Durante a vixencia do segundo plan descoñécese se se fixeron xestións políticas para crear os centros, pero non chegaron a efecto. Avanzouse nos proxectos de crear a Casa da Veciñanza, como alternativa a este obxectivo.		0





Concello de Xermade

		I?	-	
Actividades e obradoiros que faciliten a conciliación.	-¿Que actividades se realizan que faciliten a conciliación?	-Campamentos. -Actividades no centro educativo. Escolas deportivas. -Durante a vixencia do plan os campamentos había campamentos		3
		I	E	
Crear grupos de voluntarios para acompañar menores as paradas de autobuses e o respiro da poboación coidadora.	-Constitución de grupos de voluntarios. -Actuacións dos grupos.	Non se implantaron estes grupos.		0
		-	-	
Obxectivo 4.2: Fomentar o reparto equitativo da responsabilidade e tarefas domésticas				
	INDICADORES	MOTIVACIÓN		AVALIACIÓN
Establecer campañas e xornadas para o fomento da corresponsabilidade nos fogares de Xermade.	-Campañas postas en marcha.	Ningunha das actividades realizadas se orienta cara ao fomento da corresponsabilidade nos fogares.		0
		-	-	
ÁREA 5. BENESTAR E PARTICIPACIÓN SOCIAL.				
Obxectivo 5.1: Fomentar o asociacionismo e a participación social das mulleres fomentando o seu empoderamento e visibilización				
	INDICADORES	MOTIVACIÓN		AVALIACIÓN





Concello de Xermade

<p>Relación coas asociacións locais, a descentralización de actuacións, as actividades realizadas, promoción de iniciativas e organización de actividades de lecer e deportivas para animar a participar ao público feminino.</p>	<p>-Colaboración coas asociacións. - Descentralización das actividades nas parroquias. -Actividades deportivas para o público feminino.</p>	<p>Leváronse as actividades ás parroquias, en colaboración coas asociacións locais. Boa colaboración coas asociacións e descentralización de actividades.</p>		4
		I	E	
<p>Posto de traballo para dinamizar as asociacións femininas locais.</p>	<p>-Existencia do posto de traballo.</p>	<p>Existe persoal do Concello (técnico de emprego e educadora familiar) que se encarga desta colaboración coas asociacións. Ex.: tramitación de subvencións, xestión de actividades...</p>		4
		I	E	
<p>Reunión anual das asociacións femininas de Xermade.</p>	<p>-Rexistro de reunións. -Reunións formais.</p>	<p>Fanse reunións e hai comunicación continua pero non se institucionalizou unha canle de reunións anuais.</p>		3
		I?	E	
<p>Obxectivo 5.2: Favorecer a participación social xuvenil para rexuenerar o perfil de idade nas asociacións.</p>				
	INDICADORES	MOTIVACIÓN		AVALIACIÓN
<p>Houbo un maior interese da poboación xuvenil pola participación en asociacións?</p>	<p>-Participación xuvenil nas asociacións. -Incorporacións de xente moza ás asociacións de Xermade.</p>	<p>Durante os anos de vixencia do plan, e da man das diversas xornadas que se realizaban, a poboación moza mostrou interese polas actividades das asociacións. Como fraqueza neste punto falta consolidar o relevo xeracional.</p>		3
		I	E	





Concello de Xermade

Promoveuse polo Concello unha maior participación xuvenil?	-Actuacións do Concello que favorezan un clima de maior participación feminina.	Fixéronse actividades para que as rapazas e rapaces xoves de Xermade se acheguen as asociacións.	4																		
		Visibilidade de cargos xoves nas asociacións en actos e xornadas.																			
<table border="1"> <thead> <tr> <th>INDICADORES</th> <th>MOTIVACIÓN</th> <th>AVALIACIÓN</th> </tr> </thead> <tbody> <tr> <td rowspan="2">Realización de actividades para o envellecemento activo.</td> <td rowspan="2">-Rexistro de actividades realizadas. -Matrículas nas actividades ofertadas.</td> <td>Realizáronse actividades deportivas coma pilates ou ioga. En ámbito transversais sobre saúde, novas tecnoloxías... Tamén sobre horticultura e actividades do mundo rural. A participación é media e aceptábel.</td> <td rowspan="2">4</td> </tr> <tr> <td></td> </tr> <tr> <td rowspan="2">Actividades realizadas sobre a saúde feminina e a sexualidade.</td> <td rowspan="2">-Ver as actividades realizadas.</td> <td>Durante diversos anos de vixencia do Plan realizáronse actividades sobre o cancro de mama, obradoiro muller e saúde...</td> <td rowspan="2">4</td> </tr> <tr> <td></td> </tr> <tr> <td rowspan="2">Posta en marcha de actividades destinadas aos homes e mulleres coidadores atendendo ao seu descanso e a mellora da súa saúde.</td> <td rowspan="2">-Actividades para persoas coidadoras. -Melloras no seu descanso e saúde.</td> <td>Fíxose unha actividade destinada a facilitar o traballo das persoas coidadoras, previr lesións, medicación e hixiene... Só consta esta actividade. Pode ir destinada a este fin.</td> <td rowspan="2">1</td> </tr> <tr> <td></td> </tr> </tbody> </table>				INDICADORES	MOTIVACIÓN	AVALIACIÓN	Realización de actividades para o envellecemento activo.	-Rexistro de actividades realizadas. -Matrículas nas actividades ofertadas.	Realizáronse actividades deportivas coma pilates ou ioga. En ámbito transversais sobre saúde, novas tecnoloxías... Tamén sobre horticultura e actividades do mundo rural. A participación é media e aceptábel.	4		Actividades realizadas sobre a saúde feminina e a sexualidade.	-Ver as actividades realizadas.	Durante diversos anos de vixencia do Plan realizáronse actividades sobre o cancro de mama, obradoiro muller e saúde...	4		Posta en marcha de actividades destinadas aos homes e mulleres coidadores atendendo ao seu descanso e a mellora da súa saúde.	-Actividades para persoas coidadoras. -Melloras no seu descanso e saúde.	Fíxose unha actividade destinada a facilitar o traballo das persoas coidadoras, previr lesións, medicación e hixiene... Só consta esta actividade. Pode ir destinada a este fin.	1	
INDICADORES	MOTIVACIÓN	AVALIACIÓN																			
Realización de actividades para o envellecemento activo.	-Rexistro de actividades realizadas. -Matrículas nas actividades ofertadas.	Realizáronse actividades deportivas coma pilates ou ioga. En ámbito transversais sobre saúde, novas tecnoloxías... Tamén sobre horticultura e actividades do mundo rural. A participación é media e aceptábel.	4																		
Actividades realizadas sobre a saúde feminina e a sexualidade.	-Ver as actividades realizadas.	Durante diversos anos de vixencia do Plan realizáronse actividades sobre o cancro de mama, obradoiro muller e saúde...	4																		
Posta en marcha de actividades destinadas aos homes e mulleres coidadores atendendo ao seu descanso e a mellora da súa saúde.	-Actividades para persoas coidadoras. -Melloras no seu descanso e saúde.	Fíxose unha actividade destinada a facilitar o traballo das persoas coidadoras, previr lesións, medicación e hixiene... Só consta esta actividade. Pode ir destinada a este fin.	1																		
ÁREA 6. PREVENCIÓN E ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA DE XÉNERO.																					
Obxectivo 6.1: Creación de mecanismos e ferramentas municipais que favorezan a loita contra a violencia de xénero.																					
<table border="1"> <thead> <tr> <th>INDICADORES</th> <th>MOTIVACIÓN</th> <th>AVALIACIÓN</th> </tr> </thead> </table>				INDICADORES	MOTIVACIÓN	AVALIACIÓN															
INDICADORES	MOTIVACIÓN	AVALIACIÓN																			





Concello de Xermade

Creación dun Protocolo interno que facilite a colaboración entre entidades, con recomendacións prácticas e un recorrido interno para a axuda a vítimas de violencia.	-Ver se hai protocolo e revisar o seu cumprimento e validez.	Non o hai.		0
		-	-	
Partida orzamentaria específica para as situacións de emerxencia de cara a atención das vítimas de violencia de xénero.	-Exame dos Orzamentos e operacións orzamentarias.	Non hai unha partida específica para este fin. A legalidade nos municipios de réxime simplificado dificultao. Hai unha partida xenérica que ronda os 13.000€ que non tiñan por que ir a ese fin.		1
		I?	-	
Xornadas formativas na materia.	-Registros de actividades realizadas ou promovidas polo Concello. -Actividades publicitadas polo Concello.	Non se atopan registros de actividades formativas en materia de loita contra a violencia de xénero.		0
		-	-	
Realizar actividades informativas e formativas, no caso de ser vítima de malos tratos. Tamén enfocadas á poboación adolescente.	-Ver que actividades realizadas ou promocionadas polo Concello informativas para o caso de ser vítima de violencia de xénero.	Realizouse unha "charla" sobre os dereitos en caso de ser vítima de violencia de xénero.		1
		I?	-	
Comemoración do Día Internacional Contra a Violencia de Xénero.	-Declaracións Institucionais. -Realización de accións. -Publicacións de apoio.	De acordo cos datos que se puideron atopar podemos concluír que se realizaron accións de concienciación e conmemoración polas publicacións en redes e algunha actividade máis.		4
		I	E	





Concello de Xermade

7-. Valoración dos resultados obtidos.

Atendendo ao sistema de cualificación numérica polo que se optou, valórase o grado de desenvolvemento xeral do plan sobre unha totalidade de 124 puntos. Neste caso conséguese unha puntuación de 60. Isto implica, de acordo coa metodoloxía de análise que se desenvolveu até arredor do 50%, como límite máximo o seu limiar inferior.



Se analizamos en cantas áreas se realizaron accións, entendendo por estas accións dunha entidade suficiente na liña de actuar nas áreas propostas vemos como se actúa en 22 das 31 liñas, sen ter en conta aquelas onde se realizan meros estudos pero non se implantan actuacións (24 de 31).






Concello de Xermade

Non obstante, se nos centramos por áreas, e obxectivos podemos ver que a tendencia non é uniforme. Existen áreas e obxectivos onde se pode ver como o grado de consecución e desenvolvemento das medidas é amplo, mentres que noutras é exíguo.

Área 1.




Área 2.






Concello de Xermade

Área 3.




Área 4.





Concello de Xermade

Área 5.



Área 6.



Seguindo coa exposición previa, pódese observar como nas áreas primeira, terceira e quinta se acada un cumprimento do plan por enriba da media mentres que é nas áreas segunda, cuarta e sexta nas que se queda máis lonxe de cumprir os obxectivos propostos.

Na táboa de análise pode comprobarse máis polo miúdo unha síntese das medidas a adoptar e do seu grado de desenvolvemento en función da área á que pertencen.





Concello de Xermade


Análise específica da enquisa realizada á poboación mediante un cuestionario online.

Un total de 25 persoas realizaron o cuestionario. O primeiro que cabe sinalar é que non se poden extraer datos categóricos nin cunha fiabilidade alta se tan só nos centramos no mesmo, pois a mostra non é todo o ampla e representativa da realidade da poboación do concello.

Sen embargo, os datos poden ser ilustrativos se os matizamos e analizamos en conxunto co resto da información e a realidade social.


Os principais matices que debemos darlle aos datos obtidos veñen dados pola idade dos participantes. Foi máis complicado chegar á poboación de máis de 70 anos. O grupo de idade que máis respondeu foi o grupo de 31 a 49 anos.

¿EN QUE GRUPO DE IDADE TE ATOPAS?



De este xeito, analizando os datos en conxunto coa realidade sociodemográfica nacional, pode entenderse que teñen un nesgo de maior concienciación por haber unha sobrerrepresentación da poboación máis nova.

Aínda así, a poboación descoñece as actuacións realizadas polo Concello de Xermade no marco de procurar unha igualdade efectiva entre veciñas e veciños.






Concello de Xermade


A maioría das persoas que responderon tampouco coñece os seus dereitos no caso de ser vítima de malos tratos. A estes resultados cabe aplicarles o mesmos factores de corrección que nos casos anteriores. É moi probable que a poboación de maior idade (maioritaria no Concello) descoñeza os dereitos que as amparan no caso de ser vítimas de violencia de xénero.

¿SABERÍA QUE RECURSOS TEN DISPOÑIBLES NO CASO DE SER VÍTIMA DE MALOS TRATOS?



No que atinxe ao II Plan de Igualdade de Oportunidades, é un gran descoñecido entre a poboación. A pesar de que debера ser un marco no que se amparasen as actuacións municipais e que sirva como amparo ás demandas veciñais, moitas persoas descoñecían a súa existencia. O 70% das respostas afirman descoñecer a súa existencia. Se miramos estes datos por grupos de idade, a conclusión que debemos sacar é que é practicamente indiferente.

¿SABE SE EXISTE UN PLAN DE IGUALDADE NO CONCELLO?



Por último, tamén se fixeron achegas e suxerencias por parte da veciñanza, mostrando algunhas das necesidades e demandas que consideraban que deberan ser tidas en conta na actuación municipal. Recóllense no apartado oitavo relativo as propostas de mellora.





Concello de Xermade

8- Conclusións.

A primeira das conclusións que a modo de síntese pode resumir o cumprimento e resultado do II Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade é a desigualdade no grado de alcance de cada un dos obxectivos propostos. Por unha parte existen áreas onde a actuación municipal reviste especial fortaleza, e pola contra, outras áreas onde os efectos ou logros e o grado de desenvolvemento foi moito menor.

Así pois as principais fortalezas da actuación municipal durante a vixencia do II Plan de Igualdade veñen dadas na comunicación institucional, na visibilización e campañas, nas festividades, na cooperación con entidades, no eido cultural, no asociacionismo e participación social así como nas actividades formativas e de ocio.

No relativo as áreas de actuación, adecúanse ao marco global vixente no momento da súa redacción e as liñas que seguían e recomendaban outras administracións.

Outro elemento que cómpre ter en conta é a busca das sinerxías entre as distintas partes que conforman a entidade local. A redacción do Plan enfocou nesa liña, de forma adecuada.

Pola contra, as principais eivas veñen dadas na presenza municipal para a erradicación da violencia de xénero, as medidas de conciliación (agás a realización dos campamentos infantís e xuvenís “Xermade Concilia” cuxa realización e moi valorada socialmente e con efectos positivos), a promoción do emprego feminino e a institucionalización na planificación estratéxica no ámbito da igualdade.

A prórroga da vixencia do II Plan de Igualdade (2017) puxo de manifesto a non consecución de todos os obxectivos. Nalgún caso, pode xustificarse ademais a dificultade para cumprir coas medidas e accións marcadas porque a posteriori podemos concluír que non se definiron adecuadamente os obxectivos a acadar. É preciso que estes se adecúen á realidade municipal no marco das competencias propias dos municipios e a colaboración co resto de Administracións, así como establecer de forma axeitada o horizonte temporal de actuación.

A meirande parte da poboación xermadesa non coñecía a existencia do Plan, circunstancia que inflúe no seu desenvolvemento. Non só debe darse a coñecer porque se marque como obxectivo, tamén porque é clave na súa implementación, transparencia e rendición de contas.

Por outra parte, o Plan no ten ningunha liña “vinculante” na posición municipal con respecto a certos temas na liña da igualdade de oportunidades. Cada vez son máis os plans que incorporan medidas neste sentido.

Finalmente, cabe resaltar que é necesario un cambio de paradigma no xeito de entender os plans de igualdade. Como se puxo de manifesto nas prórrogas dos dous plans (2009 e 2017), o acceso a subvencións foi causa da urxencia en recobrar a vixencia dos mesmos. Sen embargo, a elaboración, redacción e compromiso coa existencia dun III Plan de Igualdade de Oportunidades entre Mulleres e Homes do Concello de Xermade debe partir do compromiso por actuar neste ámbito e dunha concienciación plena da necesidade de establecer políticas que garantan unha igualdade efectiva entre mulleres e homes en Xermade.





Concello de Xermade

9-. Propostas de mellora cara á nova redacción dun Plan de Igualdade.

- Divulgación e exposición da vixencia dun novo plan.
- Se no plan se recollen obxectivos onde é necesaria a implicación do persoal político e técnico municipal, será necesario que todos se involucren e traballen conxuntamente na consecución dos obxectivos.
- Consolidar as medidas que tiveron éxito e seguir avanzando nos obxectivos.
- Ser máis ambiciosos na introdución da perspectiva de xénero na actuación municipal.
- Introducir con maior peso (máis da esixencia das subvencións) a perspectiva de xénero nos campamentos municipais e garantir actividades neste sentido aínda que deixen de ser obrigatorias pola normativa autonómica.
- Se no plan se propoñen accións de apoio por parte dos servizos municipais, é necesaria a súa exposición e promoción.
- Adecuar a redacción e as áreas de actuación ao marco competencial municipal así como ao réxime xurídico das Entidades Locais coma Xermade.
- Ver que obxectivos se queren manter e reformular os que por algunha das causas expostas non puideron ser acadados.
- Reforzar as accións e medidas encamiñadas a combater a violencia de xénero.
- Introducción da perspectiva de xénero na contratación, subvencións e convenios públicos.
- Establecer unha norma vinculante de actuación ante os casos de discriminacións, agresións ou comportamentos sexistas en todos os ámbitos.
- Reforzar medidas de concienciación destinadas a poboación xuvenil.
- Medidas destinadas ao sector agrícola e gandeiro.
- Crear un plan de formación.
- Establecer algunha medida para fomentar a rotura dos estereotipos de xénero.
- Realizar modificacións normativas de forma vinculante enfocadas ao ámbito deportivo para fomentar o respecto ás integrantes dos mesmos (xogadoras, técnicas, árbitras/xuízas, presidentas...).





Concello de Xermade

SUXERENCIAS APORTADAS POLA VECIÑANZA (13 opinións):

- “Facilitar a conciliación aumentando prazas de atención a menores de 3 anos cun punto de atención a infancia municipal, e dos maiores dependentes cun centro de día”.
- “Non sei”.
- “Facer actividades conxuntas e dar traballo a todos por igual”.
- “Mais protección pa persona mal tratada”.
- “Concienciar a través de noticias, actividades, información... apoiar iniciativas de asociacións, entidades que fomenten a igualdade”.
- “Mais información e visibilidade”.
- “Actividades conxuntas”.
- “Ningunha. A igualdade entre homes e mulleres xa existe dende fai moitos anos. Cando está non se cumpre para iso está a Xustiza. Pero en España tanto homes como mulleres temos os mesmos dereitos e as mesmas obrigas por lei. Si falta educación, respecto e sentido común.”.
- “...”.
- “Educación de homes e mulleres, linguaxe inclusiva, paridade, corresponsabilidade, oportunidades de conciliación”.
- “Apoio tanto económico como institucional. E moita mais información e formación.”.
- “Igualdade nos equipos de goberno e pleno, dando postos de responsabilidades e visibilidade a mulleres”.
- “Perseguir aos maltratadores de mulleres ,denunciar casos de machismo en todos os ámbitos, vixiar o de a igual traballo igual salario ,dar cursos de igualdade, cursos de cociña para homes etc.”.

Xermade, na data da sinatura dixital.

A educadora familiar

O alumno do programa Campus Rural 2022-2023

Lucía Guizán Trastoy

Sergio López Ramudo

Enterado,
O alcalde

Roberto García Pernas

